

Amencía outra mañá, os raios do sol coábanse polas brétemas da noite coma ratos. Estaba deitada na cama, envolta nas mantas, felizmente acompañada polos meus soños. De súpeto, toda a tranquilidade se paralizou por mor dun forte e ininterrumpido son... **riiiiiing!!** tanteei a mesa de noite cunha man e conseguín apagar o aparello do que saía aquel molesto son. Incorporeime lentamente. Case durmindo, vestínme e almorcei. Ollei por un momento o reloxo. Faltaban só cinco minutos para que empezasen as clases. Sobresaltada, collín o meu portátil e saín correndo da casa. Fun todo o rápido que as pernas me permitían á parada do “Otho”. O Otho era un vehículo sen rodas, de forma aproximadamente esférica, que flotaba sobre unhas vías que se elevaban por enriba da urbe. A súa función era levar aos alumnos e traballadores ata a porta do seu traballo. Resultaba moi útil este medio de transporte porque non contaminaba e era máis veloz cós xa antigos automóbiles.

Cando cheguei á escola, o meu asistente persoal dixital informoume de que quizais fora mellor tardar un pouco máis, pois na primeira hora tiñamos un exame de matemáticas que eu non levaba moi ben preparado. Era consciente de que non había posibilidades de copiar, xa que a cámara situada no meu pupitre recollería todos e cada un dos meus movementos.

Á porta da miña clase, estendíase unha fila de alumnos que ían pasando, deixando tras eles a pegada dactilar no lector. Unha vez dentro, sentamos nas pequenas mesas e prendímo-los nosos ordenadores, á vez que tentábamos reler a lección nos libros electrónicos. Pero non houbo tempo. A mestra chegou moi puntual, algo pouco habitual nela. Os alumnos puxemos o papel electrónico enriba da mesa e collimos as lentes “xin”, que permitían empregar pantallas durante moito tempo sen que a vista se fatigase.

O exame fora un fracaso, con sorte podería ir á recuperación para subir nota... Aínda así, os meus pais estarían enterados das miñas cualificacións, por culpa do controlador persoal automático, que lles informaba puntualmente de todo o que eu facía.

Na segunda hora comezaba a miña clase favorita, a de Naturais. Era moi amena e contaba, baixo o meu punto de vista, coas labores máis divertidas. O novo sistema de ensinaza combinaba as actividades de ocio co traballo, case tódalas materias resultaban divertidas; pero a de Naturais era a mellor.

Foron pasando as clases ata o lecer, unha das horas máis agardadas. Aproveitabamos para ir a unha sala de xogos e simuladores, facer algo de deporte no ximnasio ou comer algo. Na cafetería contabamos cun gran menú entre o que podíamos escoller lambetadas, bocadillos, patacas fritidas... Tamén tiñamos alimentos especiais que nos axudaban a solucionar unha doenza ou facer máis levadeiro o traballo, como as “barras da concentración” ou as “galletiñas antiestrés”.

Despois do lecer, continuaron as clases. Na última hora estabamos xa moi cansos, polo que as materias adoitaban ser as máis fáciles ou “suaves”.

Soou o timbre que anunciaba a saída, o final das clases. Como de costume, tódolos alumnos nos levantamos a un tempo, collemos os nosos ordenadores e saímos dun xeito rápido e desordenado. Agardei o primeiro Otho libre e subín nel. Ascendía... ía ascendendo dende o chan e daba a sensación de que se suspendía no ar... deixei de mirar pola fiestra e suspirei, “outro día máis de clase”.

Othín.



